

LINGUA

Comprensión lectora 9

Nome e apelidos:

Curso: Data:

Antes de ler o texto.

O hórreo, o cruceiro, o pazo, o pombal... son construcións típicas de Galicia, que definen a nosa paisaxe. E as burgas? Sabes o que son? Explicámoscho a seguir.

As **burgas** son uns mananciais de augas termais que se localizan na cidade de Ourense. Deles brotan unhas augas a unha temperatura entre 64 e 68° C, cun caudal de 300 litros por minuto. Estas augas son aplicables a diferentes tipos de problemas de pel.

A orixe do nome das burgas non está moi clara. Seica provén do latín *burca*, que quere dicir «pía», en alusión aos baños utilizados polos romanos como balnearios.

Son tres mananciais:

- A **burga de arriba**, a máis antiga, de estilo popular e pertencente ao século XVII.
- A **burga do medio**, de estilo moderno.
- A **burga de abaixo**, de estilo neoclásico, século XIX, con dous canos laterais e unha pía labrada no centro con outro cano.

Como dato curioso podemos comentar que antigamente as paisanas usaban a fonte para escaldar os polos e quitarlles así as plumas de forma máis doada.

Tampouco está clara a orixe destes mananciais: unha lenda di que nacen debaixo da capela do Santo Cristo, na catedral, e outra di que son causadas por un volcán en repouso que está na base do Montealegre e que nalgún momento podería chegar a estoupar.

Xunto coa catedral e a ponte romana, son un dos símbolos da capital ourensá, á que se lle deu en chamar «Cidade das burgas».

Tomado e adaptado da *Galipedia*.

1 Marca cun X as palabras que teñan que ver coas burgas.

- | | | |
|------------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Burgos | <input type="checkbox"/> fonte | <input type="checkbox"/> Ourense |
| <input type="checkbox"/> manancial | <input type="checkbox"/> Mondariz | <input type="checkbox"/> lagoa |

2 Que é *auga termal*? Rodea a opción correcta.

- a) Auga que se garda nun termo.
- b) Auga que brota quente dunha fonte.
- c) Auga que ten algo malo, que non é potable.
- d) Auga moi fresca para beber.

3 Seica a palabra *burga* vén do latín *burca*. Que significa?

.....

4 a) Cantas burgas hai? Cales son?

.....

b) Cal delas é a máis antiga?

5 Antigamente, para que ían as paisanas ás burgas?

.....

6 Cales son os tres símbolos da «Cidade das burgas»?

.....

Pensa un pouco máis

Vai á páxina <http://www.galiciaencantada.com>, busca burgas e resume unha das tres lendas que se contan sobre elas.

.....

.....

.....

.....